

## **ENREDANDO CO GALEGO (CURSO 2025/2026) - IES MURALLA ROMANA**

### **Brétema da Mañá**

A brétema da mañá  
abraza os montes en silencio,  
coma un segredo antigo  
que só o vento entende.

Baixo a súa capa branca  
agóchase o bater do mar,  
un latexo suave e fondo  
que esperta pouco a pouco o día.

E mentres todo dorme,  
as gaivotas debuxan no ceo  
camiños que ninguén ve,  
mais que sempre levan a casa.

David Rozas Otero, 4º ESO

### **O Camiño que Me Leva**

Hai un camiño estreito  
que medra entre carballos,  
un sendeiro de follas secas  
que me chama cada tarde.

Nese camiño aprendo  
que o tempo non corre,  
só avanza  
coma un río que non dubida.

E vou seguindo a súa música,  
paso a paso,  
ata que o sol se deita  
e pinta o ceo de ouro.

David Rozas Otero, 4º ESO

## **Foliñas ao Vento**

As foliñas danzan ao vento,  
coma pequenos recordos  
que alguén deixou caer sen querer.

Móvense, soben, baixan,  
atrapan raiolas de luz  
e pérdense entre herbas altas  
que contan historias pasadas.

Eu míroas en silencio,  
mentres o outono pasa,  
e sinto que tamén en min  
hai cousas que marchan  
e outras novas que comezan.

David Rozas Otero, 4º ESO

## **A fugacidade da vida**

O tempo corre, non espera,  
como tren sen estación;  
un día estás aquí, contento,  
e ao seguinte, outra canción.

As horas escapan entre os dedos,  
coma auga que nunca se queda;  
cada momento fuxe de nós,  
como soños que o vento leva.

E un mira atrás en silencio,  
vendo días que xa non están,  
sentindo que a vida enteira  
se esvaeceu nunha soa canción.

Ali Ben Abrada Redouani, 4º ESO

## **Euforia**

As cores bailan  
na luz do amencer,  
sorrisos soltos,  
coma paxaros  
voando sen rumbo.  
O corazón latexa,  
unha sinfonía vibrante  
dentro do peito,  
o eco da liberdade.

Carla Campechano Batista, 4º ESO

## **Impotencia**

Un susurro na miña gorxa,  
sen chegar nunca ao eco  
do que quero berrar.  
Mans atadas a ilusións,  
o tempo escorrega,  
coma area entre os meus dedos.  
Luz apagada,  
un camiño sen pegadas,  
a esperanza esvaécese  
na néboa do silencio.

Campechano Batista, Carla, 4º ESO

## **Galiza**

Galicia esperta entre brétemas do mar,  
cunha luz suave que comeza a brillar.  
Nos montes verdes vólvese o vento a parar,  
coma se o tempo quixese ali ficar.  
Terra de lendas que nunca van morrer,  
onde a chuvia fala e sabe entender.  
Galicia é fogar ao que sempre quero volver,  
un lugar que no corazón ha de caber.

Anxo Martiño Sobrado Neto, 4º ESO

## **Deporte**

No campo esperta a forza do xogar,  
onde cada paso nos fai avanzar.  
Corre o corazón querendo chegar,  
e o vento empuxa as ganas de loitar.  
O equipo anima, non deixes de crer,  
cada derrota axuda a aprender.  
No deporte sempre hai lugar para crecer,  
porque gañar é dar o mellor de un mesmo, sempre.

Anxo Martiño Sobrado Neto, 4º ESO